



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1410/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE MARZO DE 2023.**

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 23 de marzo de 2023.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Continuidade da prestación do servizo de prevención alleo para a cobertura da vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo. Expte. 27683/220.
- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de «Programa de cuidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción. Expte. 241946/301.

#### DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 4.- Interposición de recurso de contencioso-administrativo contra acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia do 10 de febreiro do 2023 recaído no procedemento 36-01454-2021-50 (peza de personación). Expte. 44611/503.
- 5.- Interposición de recurso de contencioso-administrativo contra acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia do 10 de febreiro do 2023 recaído no procedemento 36-00702-2021-50 (peza de personación). Expte. 44612/503.

#### EDUCACIÓN

- 6.- Bases e convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2023. Expte. 45025/332.

#### RECURSOS HUMANOS

- 7.- Nomeamento dunha auxiliar administrativa, por execución de programa temporal, para Dirección de Ingresos. Expte. 41554/220.

#### SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 8.- Subvención nominativa, mediante un convenio co “Instituto de Estudos Vigueses” para o financiamento do programa das actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023. Expte. 4851/330.

9.- Subvención nominativa á "Asociación VEL Vigo entre letras " para o financiamento do "VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS 2023". Expte. 4831/330.

10.- Subvención nominativa á Asociación Galega de Instrumentos de Corda para o financiamento do XI Concurso de Corda Cidade de Vigo. Expte. 4837/330.

#### SERVIZOS XERAIS

11.- Proposta de aprobación do proxecto de "Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro – Matamá". Expte. 4822/443.

#### URBANISMO

12.- Aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia. Expte. 5274/401.

13.- Rogos e preguntas.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **31 de marzo de 2023, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez